

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE XUÑO 2017 POLA QUE SE CONVOCAN DÚAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE DO CAMPUS DE VIGO PARA O APOIO EN LABOURAS DE PROMOCIÓN DAS ACTIVIDADES, DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2017/2018.

Un dos fins da Universidade de Vigo é establecer unha comunicación áxil e fluída cos membros da comunidade universitaria para acadar as máis altas cotas de motivación para a práctica deportiva e contribuír á internacionalización da propia Universidade e do seu alumnado axudando a desempeñar a súas competencias no uso da lingua inglesa.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 1/1990 do 8 de outubro de ordenación xeral do sistema educativo, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e os artigos 58, 100.d e 105.2 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade, esta reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de dúas bolsas de colaboración para a formación complementaria do alumnado da Universidade de Vigo na área de Benestar, Saúde e Deporte do campus de Vigo para o apoio en labores de promoción da actividade deportiva, en réxime de concorrencia competitiva.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria nos taboleiros da vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares, na páxina web <http://deportes.uvigo.es/index.asp> e na páxina web de bolsas da Universidade.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial (véxase Anexo I), **ata o día 30 de xuño de 2017**, presentando a documentación requirida nos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 12 de xuño de 2017

O reitor


Por delegación RR 7/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria

Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias



Diligencia para facer constar que esta resolución se publica nos taboleiros de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo  
Vigo, 13 de xuño de 2017  
Xefe de Área de Bolsas

Francisco Navaza Dafonte

## **BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTES DO CAMPUS DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2017/2018.**

### **1. OBXECTO**

O obxecto das bolsas é facilitar que os estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e que se inicien en tarefas que, ou ben estean vinculadas aos estudos que están cursando ou ben, lles sirvan de aprendizaxe laboral no ámbito da área de Benestar, Saúde e Deportes do campus de Vigo.

Establécense dous tipos de bolsas:

**Tipo A:** Bolsa de comunicación-redes sociais.

Os obxectivos formativos son: a mellora das súas habilidades no uso efectivo das redes sociais como vehículo de comunicación cos rapaces e coas rapazas universitarias.

O contido do plan formativo é o seguinte:

1. A elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades deportivas, entre outros.
2. O arquivo documental: a clasificación do arquivo de prensa, das accións comunicativas xeradas e do material gráfico distribuído.
3. A xestión e a actualización da web da área de deportes: os contidos, a estrutura, a promoción, etc.
4. A dinamización e a elaboración de contidos nas redes sociais da área de deportes: Facebook, Twiter, etc.
5. A xestión das relacións cos medios de comunicación: prensa diaria, revistas, radio, televisión e medios multimedia (Internet); envío de notas de prensa e de convocatorias para eventos (roldas de prensa, presentacións, etc.); xestión das entrevistas; atención das demandas dos medios en prol da difusión das actividades ofertadas. Está incluída a xestión dos recursos internos: o gabinete de prensa e a web do máster.

A persoa beneficiaria deste tipo de bolsa estará baixo a tutoría de dona Ana Belén Fernández Souto, profesora do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Responsabilizarase da formación impartida e do desempeño da actividade de colaboración así como da orientación no desenvolvemento da bolsa. A persoa titora elaborará un informe sobre o beneficiarios ou a beneficiaria da bolsa.

Ao rematar a bolsa a persoa beneficiaria deberá presentar unha memoria final das actividades realizadas durante o período de duración da mesma.

**Tipo B:** Bolsa de comunicación-internacionalización.

Os obxectivos formativos son: a mellora das habilidades para establecer as accións de comunicación efectivas, orais e escritas, en lingua inglesa.

O contido do plan formativo é o seguinte:

1. A elaboración do material informativo en lingua inglesa: folletos e informes de presentación, cartas, mensaxes de texto curto, avisos, etc.
2. A tradución á lingua inglesa e a actualización da web da área de deportes.
3. A elaboración de materiais para a presentación das actividades da área para o alumnado estranxeiro (Erasmus e outros programas de intercambio)
4. A tradución de textos xerais: regulamentos deportivos, memorias, etc.
5. O apoio nas relacións con outras universidades estranxeiras.

A persoa beneficiaria deste tipo de bolsa estará baixo a tutoría de dona Liliana Valado Fernández, profesora do Departamento de Tradución e Lingüística. Responsabilizarase da formación impartida e do desempeño da actividade de colaboración así como da orientación do desenvolvemento da bolsa. A persoa titora elaborará un informe sobre o beneficiarios ou a beneficiaria da bolsa.

Ao rematar a bolsa a persoa beneficiaria deberá presentar unha memoria final das actividades realizadas durante o período de duración da mesma.

## 2. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo que estea cursando estudos de grao, ou máster oficial no curso 2017/2018 e manteña a condición de alumno/a destes estudos durante todo o período de duración da bolsa.

Para as bolsas do Tipo A-Bolsa de comunicación-redes sociais: o alumnado debe estar matriculado no último curso do grao en Publicidade e Relacións Públicas, en Comunicación Audiovisual ou no máster oficial en Dirección de Arte Publicitaria.

Para as bolsas do Tipo B-Bolsa de comunicación-internacionalización: o alumnado debe estar matriculado no último curso nos graos en Linguas Estranxeiras ou Tradución e Interpretación.

En todo caso os solicitantes, deberán de ter superados o 50% dos créditos dos estudos de grao, enxeñaría, ou licenciatura dos que están matriculados; ou o 100% dos que lle deron acceso ao máster oficial do que están matriculados. O último día de presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## 3. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudiantado non poderá gozar de ningunha bolsa co mesmo obxecto, “formación complementaria ou colaboración dos estudantes da Universidade de Vigo”, por un período igual ou superior a **vinte meses**, de forma consecutiva ou discontinua. Este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseiro de formación ou colaboración, farase por meses completos. Se a bolsa comeza antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite **de vinte meses**.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitar á vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

## 4. DURACIÓN E ORGANIZACIÓN

A duración máxima de cada bolsa será de 8 meses.

A data estimada de inicio abrangue dende o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de maio de 2018.

O período correspondente ao ano 2017 será o comprendido dende o 1 de setembro ata o 15 de decembro e o período correspondente ao ano 2018 será o comprendido dende o 15 de xaneiro ata o 31 de maio.

O número máximo de horas de colaboración de cada unha das bolsas será de 20 horas semanais. Realizaranse no Campus de Vigo, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outra dedicación sempre que non exceda do 50% do tempo íntegro que constitúe o curso académico, de acordo co artigo 5 do R.D. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolsreira poderá distribuír e compensar ata un máximo do 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

## 5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta máxima de cada bolsa será de 400 €/mes. Estará suxeita á retención por IRPF e as obrigas de cotización á seguridade social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

O importe total desta acción ascende a un máximo a 7.085,08 € (6400 € en concepto de dotación bruta das dúas bolsas e 685,08 € en concepto de cota patronal).

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2017 0000 121D 482.11, e o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 3.104,48€ (2.800 € por dotación bruta das bolsas e de 304,48 € en concepto de cota patronal) e da aplicación orzamentaria 2018 0000 121D 482.11 con un importe do crédito retido para este ano de 3.980,60 € (3.600 € por dotación bruta das bolsas e de 380,60 € en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por meses vencidos. Retribuirá as horas realizadas nese período conforme o establecido nesta convocatoria sempre que o beneficiario/a estea ao corrente con seus pagos de matrícula coa Universidade. O pago farase efectivo nos primeiros sete días do mes seguinte.

Se a actividade a desenvolver polo bolseiro en cada mes non se correspondera ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada neste mes, a persoa titora deberá emitir un informe facendo constar a actividade realizada e achegalo a Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

## 6. SOLICITUDE E DOCUMENTOS

O impreso de solicitude (véxase Anexo I) estará dispoñible nas páxinas web da Universidade de Vigo e da área de deportes do Campus de Vigo <http://deportes.uvigo.es/index.asp>.

A solicitude presentarse no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **día 30 de xuño de 2017**.

As persoas solicitantes deberán acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude :

- Fotocopia do NIF.
- O estudante que no seu último curso académico estivera matriculado nunha universidade distinta á Universidade de Vigo, deberá presentar unha certificación académica dos últimos estudos realizados.
- Certificación académica de todos os cursos de formación.
- Currículo, no que indicará a formación e as actividades realizadas que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa con documentos acreditativos dos méritos alegados.
- Solicitude de compatibilidade coa bolsa. Só no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD.
- Impreso cuberto cos datos bancarios do solicitante (véxase Anexo II).

- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tamén se lles poderá requirir, se fose necesario, que acheguen a documentación que se estime oportuna para poder aclarar calquera información que fose de utilidade para poder levar a cabo a adxudicación da bolsa.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a presentación dos servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados e a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e das prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

## 7. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas/Sección de Bolsas comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará unha listaxe provisional coas persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos de exclusión. As persoas interesadas disporán un prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte a publicación para emendar os erros e achegar a documentación necesaria.

A Área de Bolsas, unha vez emendados os erros publicará a listaxe definitiva coas persoas admitidas e excluídas e achegará a documentación necesaria, a través de correo electrónico, á comisión de selección designada pola vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para continuar o proceso de selección.

A comisión de selección estará formada por:

- O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais que actuará como presidente.
- O director da Área de Extensión Universitaria.
- O xefe do Servizo de Extensión Universitaria.
- O director técnico da área de Benestar, Saúde e Deporte.

Os criterios e os baremos de selección que aplicará esta comisión serán os seguintes: (puntuación máxima 5 puntos).

- A media do expediente académico: ata 2 puntos.
- As competencias específicas: ata 2 puntos.
  - **Tipo A** - Bolsa de comunicación-redes sociais: teranse en conta as cualificacións obtidas polo alumnado nas materias relacionadas coa xestión da comunicación en redes sociais.
  - **Tipo B** - Bolsa de comunicación-internacionalización: teranse en conta as cualificacións obtidas polo alumnado nas materias de tradución inversa, é dicir, naquelas cuxa lingua nata sexa o inglés.
- Outros méritos relacionados coa convocatoria: ata 1 punto.

En igualdade de condicións nos criterios anteriores, será preferente a mellor nota media do expediente académico.

Rematado o proceso de selección pola comisión, a Área de Bolsas publicará unha resolución coas listaxes provisionais das persoas seleccionadas e excluídas coas causas de exclusión. As persoas interesadas, disporán

dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte a publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, esta elevará unha proposta de resolución coas listaxes definitivas de concedidas o denegadas coas causas de denegación e a listaxe de agarda por orde de maior a menor puntuación para cubrir as posibles renuncias que poidan producirse.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, na páxina web <http://deportes.uvigo.es/index.asp> e na páxina web da Universidade.

## 8. OBRIGAS

- Colaborar coa área de deportes nas actividades incluídas no plan formativo
- Estar matriculado no curso académico 2017/2018 na Universidade de Vigo e, en todo caso, durante toda a duración da bolsa.
- Solicitar a compatibilidade coa bolsa. Só no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECID.
- Achegar, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titular.
- As persoas beneficiarias debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolsceiras propostas presentaranse ante a vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais no prazo que se indique na resolución definitiva. De non presentarse transcorrido este prazo entenderase que renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado polo/a seguinte solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e será comunicada á vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada será penalizada e impedirá o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. A Vicerreitoría será o órgano encargado da avaliación das causas alegadas.

## 10. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas e a permanencia nas listaxes de agarda serán revogadas polo seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos beneficiarios/as das cantidades incorrectamente percibidas:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera da información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.(punto 3)
- Non manter a condición de estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Trala emisión dun informe desfavorable da persoa titular, por incumprimento de desenvolvemento propio do obxecto da bolsa.

## 11. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Vicerreitoría con competencias na área de benestar, saúde e deportes.

Calquera reclamación ou queixa dos bolseiros e das bolseiras, faranse ante dita Vicerreitoría.

O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación (publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social).

Os bolseiros e as bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

## ANEXO I (IMPRESO DE SOLICITUDE)

CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTES DO CAMPUS DE VIGO PARA APOIO EN LABORES DE PROMOCIÓN DAS ACTIVIDADES, DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2017-2018

Indicar tipo de bolsa a que opta

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Tipo A: Bolsa de comunicación-redes sociais        |
| <input type="checkbox"/> | Tipo B: Bolsa de comunicación-internacionalización |

| Datos do/a estudante   |  |                                       |             |
|------------------------|--|---------------------------------------|-------------|
| Apelidos               |  | Data de nacemento                     |             |
| Nome                   |  | NIF                                   |             |
| Nacionalidade          |  |                                       |             |
| Enderezo Permanente:   |  | Enderezo durante a duración da bolsa: |             |
| Localidade-Prov.:      |  | Localidade-Prov:                      |             |
| CP:                    |  | CP:                                   | Válido ata: |
| Teléfonos de contacto: |  |                                       |             |
| E-mail:                |  |                                       |             |

| Documentación obrigatoria  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia do NIF.</li> <li>- Currículo con documentos acreditativos dos méritos alegados.</li> <li>- Certificación académica persoal.</li> <li>- Declaración de compromiso de matrícula para o curso 2017/2018.</li> <li>- Solicitud de compatibilidade coa bolsa. Só no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD.</li> <li>- Declaración responsable de estar ao corrente de las obrigas tributarias e coa Seguridade Social.</li> </ul> |

### DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a presente bolsa de colaboración na Área de Benestar, Saúde e Deportes no Campus de Vigo son verdadeiros e entende que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Vigo, de de 2017

Sinatura

SECCIÓN DE BOLSAS

## ANEXO II

### DOMICILIACIÓN BANCARIA

#### DATOS PERSOAIS

NIF/NIE: (Xuntar fotocopia) \_\_\_\_\_

APELIDOS E NOME: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TLF: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_\_

(SINATURA)

#### DATOS BANCARIOS - IBAN

|   |   | ENTIDADE | OFICINA | D.C. | Nº DE CONTA (dez díxitos) |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---|---|----------|---------|------|---------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| E                                       | S |          |         |      |                           |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| (cumprimentar todos os díxitos do IBAN) |   |          |         |      |                           |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| NOME DO BANCO:                          |   |          |         |      |                           |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| ENDEREZO DO BANCO:                      |   |          |         |      |                           |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| SINATURA E SELO DO BANCO:               |   |          |         |      |                           |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |